

## Chamamos a concentrarse masivamente o mércores 16 ante as mentiras e os bandazos da Consellaría de Educación

**As catro organizacións sindicais convocantes da folga, que se adiou para o día 23, xunto coas dúas confederacións de ANPAs do ensino público e as organizacións estudiantís ERGUER e ANEGA manteñen a convocatoria de concentracións para este mércores 16, en rexeitamento pola nefasta xestión da Xunta e o seu protocolo de volta ás aulas.**

Aínda que o pasado venres a CIG-Ensino acordou con CCOO-Ensino, STEG e CSIF adiar a folga convocada en secundaria, FP e ensinanza de réxime especial para o día 23, coincidindo coa nova data avanzada pola Consellaría como comezo de curso nestas etapas educativas, os bandazos e as mentiras do conselleiro fan que decidan manter as concentracións previstas para a tarde do mércores día 16. Celebraranse ás 7 da tarde simultaneamente en 24 localidades de toda a xeografía galega e están convocadas en conxunto tamén polas dúas principais confederacións de ANPAs de colexios públicos, ANPAS galegas e CONFAPA, e polas organizacións estudiantís ERGUER e ANEGA.

A estas mobilizacións está chamada a participar toda a comunidade educativa: **profesorado de infantil, primaria e educación especial** que están xa nestes intre nos centros aplicando os grupos de convivencia estábel e aos que a Xunta lles quere negar definitivamente o cumprimento da distancia mínima de metro e medio e a redución de ratios nas aulas, e tamén todo o **profesorado de secundaria, bacharelato, FP e ensinanza de réxime especial** que, despois de que o anterior equipo da Consellaría dera o brazo a torcer e aceptara realizar desdobres onde non se puidera garantir ese distanciamento mínimo, agora ve como o novo conselleiro os empraza a **empregar mamparas ou a recorrer á semipresencialidade para evitar contratar máis persoal docente.**

Tal e como se pode ver a continuación ata o momento a Consellaría sempre aprobou as directrices do Ministerio sobre o papel pero na práctica obcecouse en **reducir a distancia mínima a un metro** ou en **aplicar os chamados "grupos burbulla" nas etapas educativas inferiores** para apartarse do metro e medio que acababa de acordar, coa única finalidade de non investir en contratar máis profesorado. Agora a última ocorrencia é **recorrer ás mamparas**, de dubidosa eficacia para



reducir o risco de contaxio ou á **semipresencialidade** que sabemos que implica unha **merma clarísima na calidade e na atención educativa**, ademais de supor un transtorno para a conciliación das familias. O conselleiro citou expresamente na reunión do Consello Escolar de Galiza a pasada semana que estas medidas só se tomarían en casos excepcionais, ante a ausencia de espazos, en talleres de FP ou no ensino postobrigatorio.

Desde a CIG-Ensin **opoñémonos frontalmente a estas medidas**, esiximos que se cumpra o que está na última versión do protocolo relativo á **autorización de desdobres** en todos os centros nos que non se poida garantir a distancia mínima de metro e medio nas aulas e que se estenda esta medida a infantil, primaria e educación especial. Non podemos ser cómplices das mentiras e da temeridade da Consellaría que coas súas medidas de aforro está a poñer en serio perigo a vida e a saúde de profesorado, de alumnado e das súas familias e persoas achegadas.

## Desenmascarando as mentiras da Xunta

**22 de xuño.** A Consellaría asina un acordo cos Ministeiros de Educación e Sanidade no que se recolle que a principal medida a ter en conta para o curso 2020/21 será a distancia MÍNIMA de 1,5 m. Os anteparos xa figuran como medida “adicional”.

### 1. Limitación de contactos

- Se garantizará a **asistencia presencial** de todo el alumnado. Si fuera preciso priorizar la asistencia de parte del alumnado, por la evolución de la pandemia, se mantendrá la presencialidad en los niveles y etapas inferiores (hasta los 14 años).
- De forma general, se mantendrá una distancia interpersonal de al menos **1,5 metros en las interacciones** entre las personas en el centro educativo.
- Los centros educativos calcularán la distancia entre puestos escolares y reorganizarán los espacios de forma que el alumnado cuente con una **separación de al menos 1,5 metros** entre personas. Adicionalmente a dicha distancia de seguridad, se podrán incorporar elementos efímeros (mamparas, paneles, etc.) que faciliten la separación entre el alumnado asegurando, en todo caso, una ventilación adecuada y su correcta limpieza.
- Además de esta norma general de distancia de seguridad interpersonal, en Educación Infantil y Educación Primaria se podrá optar por la alternativa de establecer grupos estables de alumnado, idealmente con un máximo de 15 alumnos/as (y hasta un máximo de 20 si fuera necesario), que junto al tutor/a conformarían **Grupos de Convivencia Estable** cuyos miembros pueden socializar y jugar entre sí sin tener que mantener la distancia interpersonal de forma estricta. Estos grupos de convivencia estable deberán evitar la interacción con otros grupos del centro educativo, limitando al máximo el número de contactos, lo que no haría necesario guardar la distancia interpersonal de 1,5 metros. Esta alternativa, además posibilitará el rastreo de contactos rápido y más sencillo si se diera algún caso. En Educación Infantil y 1º y 2º de Educación Primaria sería preferible optar por establecer grupos estables de convivencia, ya que debido a las características de estas edades resulta difícil cumplir las medidas de distancia física de manera adecuada. Las consejerías de educación podrán flexibilizar el máximo del alumnado para los grupos de convivencia estable siempre que la autoridad sanitaria de salud pública de dicha Comunidad Autónoma así lo autorice.

**14 de xullo.** Dous días despois das eleccións a Consellaría envía aos sindicatos o borrador do protocolo que, malia o rexeitamento unánime, será publicado o **22 de xullo**. O 1,5m encolle e queda en 1m.

3.1. Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase unha distancia física mínima de 1 metro sen uso de máscara. Esta distancia é a recomendada pola Organización Mundial da Saúde para os centros educativos xa que a maioría dos estudos determinan a distancia máxima de 1 metro como punto de referencia para a proxección das gotas respiratorias. Nunha situación na que o ton de voz é baixo e as persoas non se encontran confrontadas, a proxección das gotículas respiratorias é inferior ao metro de lonxitude<sup>2</sup>.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado e gardarase, cando menos, 1 metro de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

**27 de agosto.** Apróbase un novo documento, asinado tamén pola Consellaría de Educación no Consejo Interterritorial. O 1,5m segue, sen cambios, sendo a medida mínima de distancia interpersonal.

De forma general, se mantendrá una distancia interpersonal de al menos 1,5 metros en las interacciones entre las personas en el centro educativo.

El uso de la mascarilla será obligatorio a partir de 6 años de edad con independencia del mantenimiento de la distancia interpersonal, sin perjuicio de las exenciones previstas en el ordenamiento jurídico.

En educación infantil y en primer ciclo de educación primaria, la organización del alumnado se establecerá, con carácter general, en grupos de convivencia estable, en cuyo ámbito no se aplicarán criterios de limitación de distancia. Se debe garantizar la estanqueidad del grupo de convivencia estable en todas las actividades que se realicen dentro del centro educativo.

**28 de agosto.** As organizacións sindicais CIG-Ensin, CCOO, STEG e CSIF rexistramos a convocatoria de folga para os días 10 e 16 de setembro



**31 de agosto.** Nunha acelerada fin de semana a Consellaría de Educación muda radicalmente ao respecto da medida de distanciamento en secundaria e FP, pasando de 1 a 1,5m e asumindo que, cando non sexa posíbel polo uso de espazos alternativos no centro, se desdobrarán aulas. A presión dá froito

3.3A. Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- Os postos escolares manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible.
- Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- Cando o tamaño da aula non permita a distancia entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardar a distancia de 1,5 metros.
- Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores desdobrarase o grupo.

A medida deixa tirado ao alumnado, profesorado e persoal non docente de Infantil, Primaria e Ed. Especial, así como as ensinanzas de idiomas e rex. especial. Nas etapas iniciais mantense a farsa da aula burbulla e as ratios de 25 por aula.

**Mes de setembro.** A partir de aquí desencadéanse moitos acontecementos. Cesan a Pomar e ao seu equipo e volve Román Rodríguez para o cargo. O "novo" conselleiro estréase cuns servizos máximos na folga do **10 de setembro** e mentindo no Consello Escolar de Galiza o **día 7**.

A actuación da inspección, por orde da Consellaría, mandando parar todo o feito desde o

**Golpe de man reaccionario da Consellaría para reducir a presencialidade e evitar desdobres e distancia de 1,5m en secundaria e FP**



Román Rodríguez mentiu no Consello Escolar

1 de setembro e buscando reducir desdobres e aumento de profesorado provoca a resposta de ducias de directores e directoras e o adiamento do inicio de curso.